ABE

Asociación
Boirense
de Empresarios

Memoria de actividades

2016

A ABE EN CIFRAS

XANEIRO / DECEMBRO 2016	
Subvencións tramitadas	19
Subvencións aprobadas	18
Importe de subvencións acadadas	76.985 €
Actividades formativas	9
Número de persoas formadas	435
Circulares informativas remitidas	148
Resumos de subvencións remitidas	56
Queixas e peticións ante ás administracións	14
Carnés profesionais tramitados	18
Listas de prezos elaboradas	7
Deseños realizados para socios	16
Reunións de Xunta Directiva e Asembleas	15
Reunións e xestións co Concello de Boiro	17
Tramitacións de ampliación de horarios hostalería	16
Boletíns dixitais ABE remitidos	12
Convenios asinados	2
Convenios vixentes	5
Empresas presentadas aos premios Dolmen	3
Empresas premiadas nos premios Dolmen	2
Notas de prensa enviadas	18
Entrevistas en medios	27
Balance de Altas / Baixas no período	+2
Colaboracións con outras entidades	11

ACTIVIDADES

EXITAZO DO PRIMEIRO BOIRO COOL MARKET

A aposta era arriscada pero finalmente saíu de xeito inmellorable. Agrupar nun mesmo espazo comercio, gastronomía, arte, música e cultura parecía a priori, cando menos, pouco común pero á vista das vendas, dos visitantes e da valoración xeral podemos dicir que BCM foi todo un éxito.

A evento tivo lugar no novo local multiusos da praza da bastos de Boiro, que decorouse para a ocasión polas chica do estudio EN LASNUBES que fixeron un traballo excepcional.

Na zona de vendas colocamos 15 stands que ocupaban preto de 200 metros cadrados de superficie, onde outros tantos comercios locais venderon seus produtos aos centos de visitantes que durante a fin de semana acudiron ao evento.

Na zoa gastro puidemos degustar os pinchos ecolóxicos preparados polo foro de Boiro acompañados da degustación gratuíta de vermú Petroni cortesía da marca e de Vinoteca Tucho.

Parte importante do evento foron as actividades infantís coas actuacións do actor Anxo Moure e os obradoiros de Creaturas.

Como diciamos antes o arte ocupou gran parte da feira, espazo para artistas que expuxeron e venderon a súa obra como Haya Blanco, Brais Rodríguez e Lucía Romaní. Artistas de malos retratos por 1 € traballando en directo e o estudio La Doce con multitude de artistas vendendo a través do seu stand.



As tardes foron espazo reservado para a realización de presentacións relacionadas co mundo do téxtil e da moda.

Diane Onlooker, Eva Outeiral , La Poupeé, Academia Marper, Chas fotografía e moitos mais foron pasando polo escenario e contando aos visitantes o traballo que veñen realizando.



E para rematar,música en directo con dous concertazos a cargo de Sons de Boiro e de Miguel A. Iglesias que coas súas versión de pop rock en castelán puxeron o peche as xornadas de venres e sábado.

XA É
SAN VALENTÍN EN.....
OH-LA-LA
Paris mon amour
PARIS
BOIRO ABERTO
Asociación Boirense de Empresarios
BOIRO ABERTO
XUNTA DE GALICIA

PRETO DE 100 SOCIOS FÓRMANSE NA ABE

A FEB, en colaboración coa ABE, desenvolveu nas nosas instalacións un ambicioso plan de formación para empresarios composto de 3 actividades formativas temáticas impartidas por a **Escola de Negocios Afundación**.

A primeira delas, Liderazgo e dirección de persoas impartiuna a profesora Carmen Blanco e asistiron 28 alumnos para aprender novos hábitos na xestión de persoas, como liderar aproveitando talentos e supervisar acadando resultados.

A segunda acción formativa foi a mais demandada, e por motivos de capacidade tivemos que pechar as inscrición en 35 alumnos que asistiron ao módulo de Excelencia no servizo ao cliente impartido polo profesor Jesús Huertas.

O programa incluía o aprendizaxe de técnicas e ferramentas na atención ao cliente, como pasar de modelos reactivos a proactivos e como xerar impresións positivas.

O plan de formación rematou coa xornada sobre Redes Sociais e Público Obxetivo, impartida polo profesor José Alcañiz que falou sobre conceptos como o marketing de atracción, captación de rexistros, atención e fidelización de clientes así como as ferramentas mais utilizadas para a xestión de redes sociais. A este módulos asistiron 30 alumnos.

DÍA DO PAI
19 de marzo
TODO O QUE PRECISAS
PARA SORPRENDELO O TES
MOI PRETO DE TI
BOIRO ABERTO
Asociación Boirense de Empresarios
XUNTA DE GALICIA

CHEO TOTAL NO PECHA KUCHA BOIRO VOL.5

O salón de actos da ABE acolleu un dun dos eventos mais innovadores que se celebran na comarca, trátase do Pecha Kucha Boiro que xa vai polo volume 5. Coma sempre, a presentación correu a cargo do técnico de cultura do concello de Boiro, Alberto García e ao evento acudiron mais de 100 persoas que ateigaron as instalacións da ABE.

Pecha Kucha é unha actividade que persegue poñer en valor a ECONOMÍA CREATIVA, a relación entre cultura e creatividade no desenvolvemento económico do noso entorno.

Falouse noutras edicións da industria cultural e creativa, de turismo cultural, de identidade cultural e como esta lle da valor engadido a produtos como o viño albariño, a cerámica de Sargadelos ou as conservas delicatessen. **Nesta edición falamos de como a creatividade nos axuda a afrontar os cambios aos que as crise e a evolución empresarial nos obrigan.**

COOPERATIVA RÍA DE AROUSA

http://cooperativariadearosa.com/

A cooperativa de Abanqueiro é un proxecto de toda a parroquia, da sua colectividade, ao aunar non só o acervo común senon o saber acumulado **(Know-How)** ao largo da sua histórica, posibilitando o desarrollo de proxectos de I+D+I ou a diversificación das súas fontes de ingresos, o que lle confire unha seña de identidade.

Actualmente a entidade traballa en diversos proxectos entre os cales destaca a comercialización de toda a produción a través da sua propia depuradora, empregando a eco etiqueta de pesca sostible do M.S.C.

Qué supón ter a certificación MSC?

Recoñece a profesionalidade da cooperativa, integrada por 400 socios e o seu respeto aos recursos mariños. A ameixa e o berberecho extraído polos socios da entidade boirense poderá levar a ecoetiqueta azul de MSC, o que lle asegura ao consumidor que o produto provén de unha pesquería sostible.

Para logralo tivo que pasar por rigorosos exames e o certificado posiciona á entidade boirense como una pioneira nas Pesquerías artesanais españolas.

LA DOCE

http://www.ladoce.net/

Espazo artístico multidisciplinar, con variedade de talleres creativos, galería de arte, tenda de material de belas artes, enmarcado e coworking de proxectos creativos como Enlasnubes ou Kiko e Sabela tapiceiros.

CHAS FOTOGRAFÍA

http://www.josechas.com/

José chas, fotógrafo pontevedrés especializado en fotografía de patrimonio industrial e intrahistoria das fábricas abandonadas en Galicia

Chas está centrado na fotografía de arquitectura e a paisaxe, aínda que os seus intereses e proxectos lévano polo camiño da ruína e o patrimonio industrial realizando un relatorio sobre os cambios industriais en Galicia a través de fotografías de fábricas abandoadas.

LA POUPEÉ D`CHLOÉ

http://www.lapoupeedchloe.com/es/

Baixo as premisas de creatividade, deseño e calidade surxe o proxecto La Poupee d'Chloé Haute Couture. Podemos afirmar entonces que é un proceso produtivo levado a cabo integramente en España, realizado coa máxima profesionalidade e preocupado por coidar ata o mais mínimo detalle co obxectivo de satisfacer plenamente as crecentes esixencias do actual público, estes son os pilares sobre os que se asenta a cultura corporativa da empresa.

"A moda nace das emocións e inspira sensacións"

ESPACIO ARROELO – COWORKING PONTEVEDRA

http://espacioarroelo.es/

Entrar en Espazo Arroelo, un espazo de coworking en pleno centro de Pontevedra, é estar sanamente tolo sen sabelo.

En pouco máis de dos anos veñen de crear unha comunidade de preto dunha trintena de profesionais que comparten confidencias, ideas, risas, moito traballo e coñecemento. Xurdiron proxectos e colaboracións con marcado carácter social e internacional (Colabora2015, Rumbo a ti mismo, Pontejam, Human Library, Arroeladas, Principiñas e Princesiños…)

Algúns destes coworkers son Matriuska films, Lumiravaz, Til diacrítico, Espejo magico producciones, Intervento, Elefante en cacharrería, Les siamoises….e así ata preto de 30 empresas.

THUNDERSLOVE

http://www.thunderslove.com/es/

A única ética posible é facer o que un quere facer. A honesta sabiduría de William S. Burroughs é a primeira pedra de Thunders Love, un proxecto que ven dende a costa atlántica cunha proposta con moito rollo.

O concepto é simple: facer calcetíns para patinar. Pero non só beben do skate, senón que súa influencia parte da natureza, o surf, a música e a arte. Este proxecto xurdiu como un altavoz da cultura urbana, o que implica que o resultado final sexa algo participativo e aberto, no que todo o mundo ten algo que dicir.

A firma reivindica o valor das cousas ben feitas maximizando o valor do manual a través de pequenas colecciones de deseño moi coidado.

Unha filosofía de marca con alma, na que apostase polos xoves, os talentos da terra e a marabillosa anarquía, que, como dicía Burroughs, é a única maneira.

Pecha Kucha
BOIRO
20x20

1 de maio
dia da NAI
Todo o que precisas para
sorprendela o tes en...
Boiro
Aberto
BOIRO ABERTO
ABE Asociación Boirense de Empresarios
XUNTA DE GALICIA

A NOITE ABERTA DE BOIRO BATE RECORDS

Unha vez máis a Noite Aberta organizada pola ABE encheu os comercios e rúas de Boiro de clientes e visitantes que disfrutaron da festa do comercio local.

A xornada comezou ben cedo coa decoración das rúa polo colectivo cultural Creaturas que xunto coa recente colocación por parte do concello das luces das festas axudaron a aportar colorido aos negocios participantes, que nesta ocasión foron preto de 40.

Se pola mañá e primeiras horas da tarde os protagonistas foron os descontos, a última da tarde o foron as actividades especiais nas tendas.

Algún exemplo delas foron:

Photocall con premios, degustacións de todo tipo,festa Ibicenca, Call of Duty Boiro; experiencia multixogador en 4 súper pantallas, regalos directos por compras, talleres infantís de maquillaxe, globoflexia, masterclass de zumba, photocall con personaxes animados, exposición e petisco musical con Sonia Lebedynski, sorteos variados (Xoguetes, vales de compra…), rasca e gaña, palomitas quentes, Candy bar.

Roland
15€



laura

Pero non so as tendas estaban cheas, tamén as rúas nas que as cantareiras de Xilbarbeira e a xente da charanga Vai de Baile que animaron as rúas durante horas.

BOIROFERTA MANTÉN O INTERESE DOS VISITANTES

Un ano mais, e xa van once consecutivos, a ABE organizou unhas das feiras de oportunidades con máis tradición da comarca do Barbanza.

Os comerciantes asistentes ofreceron os seus produtos nunha carpa de 500 metros cadrados instalada na praza de A Boqueira de Anegral, que permaneceu aberta durante toda a primeira fin de semana do mes de agosto.

Foron centos os visitantes e clientes que por ela pasaron e na que puideron adquirir calzado, roupa, complentos, accesorios deportivos así como artigos para a casa e decoración.

En paralelo desenvolvéronse actividades infantís para que os cativ@s estiveran entretidos mentres os maiores realizaban as súas compras con comodidade.

- 50 %
esther



Boiroferia
5, 6 e 7 de agosto
De 11:00 a 14:30 e de 17:00 a 22:00 horas
ENTRADA GRATUÍTA

adidas

Dúas empresas Boirense acadan os máximos galardóns na gala dolmen de ouro

O pazo de Lestrove, no municipio de Dodro, foi o escenario elixido este año pola Federación de Empresarios do Barbanza (FEB) para celebrar a gala dos premios Dolmen de Ouro. O acto reuniu a un bo número de empresarios das comarcas do Barbanza, Muros Noia e Sar, ademais de autoridades políticas municipais, provinciais e autonómicas.

En canto a representación da ABE foron 3 as empresas que quixeron presentarse as diferentes categorías dos premios.
No apartado de Implantación I+D+i, o premio foi para a empresa Biotécnicas Aplicadas, Bioeurope, situada no polígono de Boiro, que traballa no ámbito agroalimentario, medioambiental e industrial. A directora de calidade da empresa, María Hermo, que participara como poñente nunha das edicións do pecha kucha Boiro, recolleu o galardón.

No apartado de Promoción Turística, tamén acadou o premio a representante da ABE, o proxecto de Suso Santamaría, A Pousada das Ánimas, por ser punto de dinamización cultural e por querer unir a comarca a través da música.

A entrega do Dolmen de Ouro concluíu coa categoría de Iniciativa Emprendedora, no que a ABE presentaba o proxecto de Centro Chakra que estivo entre os finalistas pero que non puido acadar o máximo galardón que recaeu na rede de tendas Paco's Moda.

O CONSELLEIRO DE INDUSTRIA REÚNESE CON REPRESENTANTES DAS PATRONAIS DE BARBANZA

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, informou aos empresarios das distintas ferramentas que a Xunta ten a disposición das compañías para mellorar o seu financiamento, consolidar o seu crecemento e xerar novos empregos.

No encontro, ao que asistiron representantes da ABE e responsables de diversas firmas, Conde informou tamén sobre as ferramentas de financiación empresarial coas que conta o Goberno autonómico para os empresarios, así como os micro créditos e os respaldos á liquidez das pemes

O SECTOR CREATIVO BOIRENSE AMOSA MÚSCULO NUN NETWORKING CREATIVO

O sector creativo Boirense deu mostra do seu potencial participando nun interesante networking celebrado no salón de actos da ABE.

32 profesionais do sector participaron nesta actividade organizada polo Concello de Boiro e na que colabora a ABE co obxectivo de analizar a situación do colectivo e marcar liñas de traballo en conxunto de cara ao futuro.

O networking, moderado polo facilitador de procesos creativos, Diego Parajó, contou coa presenza de empresas como In9, Sonaxe, Baldani, A pousada das ánimas, Triwus, Nova Xestión, Moai, La Doce, Juan Ares, Asteleiros, triñanes, Ágora e Serarte asi como os colectivos Olloboi, Creaturas e Barbantia.

Tamén participaron diferentes artistas e profesionais como os membros do grupo musical Triángulo de Amor Bizarro, a presentadora da TVG Iolanda Rodríguez, o realizador Pablo Chouza ou o técnico de cultura Alberto García.

Nun inmellorable ambiente debateuse sobre o pasado, presente e futuro dun sector en crecemento e cun volume de negocio que o sitúa entre os que mais contribúen ao PIB local.



CHEO TOTAL NA ABE PARA ASISTIR Á CHARLA SOBRE CONTRATOS DE SEGUROS

A FEB, coa colaboración da empresa García Sánchez de Boiro, organizaron un novo evento formativo para analizar os dereitos e obrigas do/a empresario/a no contrato de seguro e as repercusións do novo baremo de danos corporais na responsabilidade da empresa.

Para falar sobre este importante asunto, que afecta á maior parte do empresariado, contaron coa presenza de dous poñentes de luxo , ***Fernando Peña López*** Director da "Cátedra Fundación Inade—Udc: La Gestión del Riesgo y el Seguro" e Profesor Titular de Dereito Civil na Universidade da Coruña e con ***Adolfo Campos Carballo*** Director da Fundación Inade.

O salón de actos da ABE, con capacidade para 80 persoas, quedouse pequeno ante a expectativa creada pola charla e o nivel dos poñentes. Ao remate serviuse un pincho cortesía de Seguros García Sánchez, ocasión que os presentes aproveitaron para realizar un entretido networking cos poñentes e técnicos.

Renovados os cargos da Xunta Directiva da ABE

No mes de outubro tivo lugar na sede da ABE a Asemblea Xeral Extraordinaria na que se procedeu a proclamar a Óscar España como presidente da patronal Boirense para os próximos dous anos.

Trala preceptiva convocatoria de eleccións a única candidatura presentada foi a de España e deste xeito repite como presidente dos empresarios Boirenses. O mandato rematará en outubro de 2018.

Xunto co presidente tamén renovaron seus cargos o vicepresidente Angel Nieto, secretario Santiago Cajaraville e como vocal Daniel Dosil. Nos vindeiros días a pretensión de España é a de completar a xunta directiva con dúas novas incorporacións.

Socios da ABE coñecen as claves para vender aos Millennials

Tras realizar nos pasado anos numerosos cursos sobre as diferentes redes sociais nesta ocasión quixemos dar un paso máis nese tipo de formación coa programación da acción formativa titulada ***COMO VENDER Á XENERACIÓN MILENIAL***.

Os millennials son a futura xeración de clientes e usuarios, un mercado de enorme potencial con novas características, necesidades e demandas que convén coñecer polas repercusións e transformacións que esixirá as empresas.

Para falar de todo iso contamos coa presenza de ***Diego Parajó***, experto na materia e que dirixiu esta masterclass para os socios da ABE.

Noite Aberta Boiro

No mes de novembro tivo lugar a 9ª edición da Noite Aberta de Boiro na que participaron 32 establecementos asociados que ofreceron descontos e actividades aos seus clientes.
Pese ao mal tempo que acompañou á xornada de tarde, foron moitos os clientes que nos visitaron atraídos polos descontos que ofrecían os comercios aínda que as actividades que estaban previstas para realizar nas rúas de Boiro tiveron que suspenderse.

O que non se aprazou foi o acendido das luces de Nadal que iluminaron as rúas da localidade ata ben entrada a noite.

Entre as novidades desta edición cabe destacar a aposta realizada por darlle un punto máis dixital e tecnolóxico ao evento e para elo contamos coa axuda da ***influencer*** e blogueira de moda ***María Alborés*** que a través da súa marca profesional ***whatmerywears*** fixo unha excelente cobertura do evento en redes sociais.
Para elo María visitou os 32 establecementos participantes onde realizaron unha foto e con cada foto un post que compartiu nas redes sociais co hashtag #naboiro

En paralelo a esta iniciativa dende a ABE lanzamos un concurso en Facebook no que os participantes tiveron que subir á esta rede social unha foto de calquera dos establecementos participantes na Noite Aberta, neste caso cun novo hashtag que foi #naboiro2016

O concurso foi un exitazo co que conseguimos unha enorme repercusión e proxección do evento.

A gañadora do concurso foi Yesmina Casanova que conseguiu que 466 persoas lle deran un like na súa foto realizada en Tienda XL.

Os empresarios Boirenses fórmanse en finanzas

Durante o mes de novembro una grupo de empresarios da ABE participaron no programa formativo sobre finanzas persoais impartido pola prestixiosa EFPA, **European Financial Planning Association.**

O obxectivo das xornadas era reflexionar sobre as nosas finanzas e aprender a planificarnos en función dos obxectivos vitais que queiramos conseguir.

O curso estivo planificado en tres etapas ou talleres:

Taller 1: Dende onde partimos e a onde queremos ir
Taller 2: Preparación da viaxe
Taller 3: Custe e medio de transporte que queremos utilizar

A ABE organiza a I edición do Black Weekend Boiro

A ABE organizou na fin de semana do 25 e 26 de novembro unha nova actividade de promoción comercial para os seus asociados. Con motivo do Black Friday démoslle unha volta de torca ao clásico evento de descontos e celebramos o **BLACK WEEKEND BOIRO**.

Participaron máis de 35 comercios que puxeron a disposición dos clientes unha gran variedade de descontos especiais durante as xornadas do venres e sábado O Concello volveu a iluminar as rúas de Boiro coas luces de Nadal e o sábado pola tarde actuaron varios grupos de música e baile tradicional.

En canto aos comercios participantes existiu unha enorme variedade; dende tendas de moda home e muller, zapaterías, moda e calzado infantil, electrodomésticos, decoración, agasallo, complementos, droguería e perfumería, deportes e incluso unha panadería e unha galería de arte.

A organización deste evento supón un paso adiante do comercio de Boiro na súa aposta pola modernización do tipo de promocións a realizar e tamén unha oportunidade dos clientes do pequeno comercio de realizar as súas compras con grandes descontos.

Sorteo

Como complemento a ABE realizou un sorteo de un vale de compra de 60 € a través da nosa páxina de FACEBOOK.

Ante o éxito do concurso que celebramos con motivo da Noite Aberta que tivo moitísima repercusión, nesta ocasión utilizamos o método de sorteo vía aplicación de facebook entre todos os siareiros que nos deron un like ao post que publicamos dende Boiro Aberto.

A gañadora foi ***Kati Sampedro Fernández*** que xa recolleu o premio e terá que gastalo en calquera das tendas participantes no evento.

Campaña de Nadal

A campaña de Nadal da ABE deste ano veu cargada de novidades para os clientes e visitantes que realizaron as súas compras de Nadal nos comercios Boirenses.
A campaña tivo tres partes diferenciadas; o tradicional sorteo de vales de compra, sorteos en redes sociais e a campaña de animación baseada na pista de xeo que instalouse na praza do concello durante todo o Nadal.

Campaña vales de compra

Está foi a tradicional campaña de Nadal que en ocasións anteriores organizaba a FEB e que neste caso desenvolvemos en solitario.
Entre o 5 de decembro e o 6 de xaneiro os comercios participantes entregaron rifas aos clientes por cada 10 € de compra para que estes participaran no sorteo de 2.000 € en vales de compra.
O pasado luns 9 de xaneiro, tivo lugar na sede da ABE o sorteo público dos premios da campaña de Nadal 2016. Extraéronse 17 números gañadores (1 premio de 300 €, 1 premio de 200 € e 15 premios de 100 €) polo método de combinación aleatoria por bombo como na lotería nacional.

Asociación Boirense de Empresarios
Avda. Constitución, 85, entrechán A
15930 Boiro (A Coruña)
Tel/Fax:981 84 78 88
info@abe.gal
www.abe.gal

LISTADO DE PREMIADOS E SUPLENTES CAMPAÑA NADAL ABE

PREMIO	NÚMERO	COMERCIO
300 €	17.427	BALDANI
200 €	52.322	ELECTRO. OTERO
100 €	19.612	NATISAN
100 €	54.257	ELECTRO. OTERO
100 €	23.599	INFORMÁTICA VIÑAS
100 €	71.582	CETÁREA ANGEL MAR
100 €	18.590	DEPORTES HERMIDA
100 €	38.903	XOGUETERÍA TICO DOCO
100 €	33.589	ELECTRO. OTERO
100 €	64.678	XOIERÍA TEIXEIRA
100 €	80.805	COSMOS
100 €	60.711	ELECTRO. OTERO
100 €	86.949	DEPORTES SR. BALÓN
100 €	85.945	BALDANI
100 €	07.786	MODA TIN
100 €	29.897	SÚPER MERCAMÁS
100 €	32.424	DEPORTES SR. BALÓN

SUPLENTES PREMIO	SUPLENTES NÚMERO	SUPLENTES COMERCIO
300 € (1º SUPLENTE)	46.061	CARNICERÍA JM BOGA
300 € (2º SUPLENTE)	53.836	ELECTRO. OTERO
200 € (1º SUPLENTE)	73.895	PAQUETERÍA JOSEFINA
200 € (2º SUPLENTE)	05.968	ALUZZINE
100 €	82.558	DROLIM
100 €	27.120	PAQUETERÍA JOSEFINA
100 €	50.474	ELECTRO. BARCALA
100 €	81.529	DEPORTES BRINCOS
100 €	90.201	ELECTRO. CAAMAÑO
100 €	77.187	PAQUET. ESPERANZA
100 €	19.365	NATISAN
100 €	49.712	COSMOS
100 €	00.953	PEKES
100 €	20.728	ELECTRO. SUSAVILA
100 €	06.500	RULES
100 €	34.736	PACOS CHICO
100 €	48.105	FIUNCHO
100 €	37.635	CONGELADOS DIGNA
100 €	91.952	XOIERÍA TEIXEIRA

TANTO OS POSUIDORES DAS RIFAS COS NÚMEROS GAÑADORES COMO OS QUE TEDES AS SUPLENTES DEBEDES PASAR POLA ABE COA RIFA E DNI ANTES DO VENRES 20 DE XANEIRO ÁS 12:00 HORAS.

PASADA ESA DATA PÉRDESE O DEREITO SOBRE OS PREMIOS.

Datos da campaña

Na campaña de Nadal participaron 49 establecementos que distribuíron 94.000 rifas entre os seus clientes durante o mes que durou a campaña, unha cifra lixeiramente inferior á campaña do pasado ano que se situou en torno as 100.000.

Así mesmo, neste ocasión, a campaña complementouse coa entrega de invitacións nos comercios para a pista de xeo de Boiro e con sorteos de packs de entradas nas redes sociais da ABE. Ambos tiveron unha fenomenal acollida entre os clientes e siareiros.

Os posuidores de rifas da campaña de Nadal poden consultar o listado de números premiados nos comercios participantes, na web da ABE www.abe.gal e na conta de facebook da asociación www.facebook.com/boiroaberto.

Dende a asociación queremos agradecer a participación dos establecementos asociados e aos clientes que realizaron as súas compras neles.

O mellor
Nadal en
Boiro
Aberto
Premio de
100 €
A:E Asociación Boirense de Empresarios
José Romero

O mellor
Nadal en
Boiro
Aberto
Premio de
100 €
A:E Asociación Boirense de Empresarios
María Magán

O mellor
Nadal en
Boiro
Aberto
Premio de
100 €
A:E Asociación Boirense de Empresarios
Nélida Blanco

O mellor
Nadal en
Boiro
Aberto
Premio de
100 €
Mª Rocío Pazos

O mellor
Nadal en
Boiro
Aberto
Premio de
100 €
Jorge
Cobas